



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-enfermaria-3aed>



Grao en Enfermaría

www.usc.gal



Enfermaría

O alumnado de novo ingreso na titulación de Enfermaría ha de posuér unha formación básica en Ciencias e Ciencias da Saúde. Do mesmo xeito, debe mostrar interese e motivación polo coidado das persoas sans e enfermas así como disposición para a observación, a análise e a formación continuada. Será capaz de responsabilizarse das tarefas que lle son propias, de adaptarse a novas situacíons, e de mostrar unha actitude activa cara á aprendizaxe continua e ó traballo en equipos multidisciplinares. A Enfermaría desenvolve actualmente catro funcións profesionais principais: asistencial, docente, investigadora e xestora.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Enfermaría
Avda. Xoan XXIII
15782 Santiago de Compostela
enfermaria.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grao-enfermaria-3aed

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 anos

Número de prazas: 150

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, conformados por 60 créditos de formación básica, 171 créditos obligatorios e 9 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

Actualmente, a Facultade conta con acordos con outras universidades, tanto dentro do programa Erasmus (Portugal, Italia, Polonia y Grecia) como do programa SICUE, así como mobilidade bilateral con países extracomunitarios.

No grao de Enfermaría a mobilidade dos estudiantes realizaase a partir do segundo ano de estudos na titulación, en períodos cuadri mestrais ou anuais.

Prácticas obligatorias

Prográmanse con carácter obligatorio 84 créditos distribuídos nas materias prácticas clínicas I, II, III, IV, V e VI, atendendo a criterios de planificación e mecanismos para garantir a calidade e o aproveitamento máis adecuado por parte dos/as estudantes.

Durante a realización das prácticas, o alumnado integra na práctica profesional os coñecementos, habilidades e actitudes propios da Enfermaría, adquirindo as competencias que lle permitirán acceder con garantías ao mercado laboral ao rematar o grao. A realización das prácticas clínicas lévase a cabo a partir do segundo curso, cun número de créditos crecente e nos seguintes centros sanitarios públicos: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo, Hospital Gil Casares, Hospital Psiquiátrico de Conxo, Centros de Atención Primaria da área sanitaria.